

ESTREA EN NUMAX: 23.02.2018 | V.O.S.E. | +16

Aus dem Nichts (2017, 106')

Dirección: Fatih Akin

Guión: Fatih Akin, Hark Bohm

Elenco: Diane Kruger, Numan Acar, Ulrich Tukur, Johannes Krisch, Siir Eloglu, Denis Moschitto, Jessica McIntyre, Ulrich Brandhoff, Samia Muriel Chancrin

Son: Kai Lüde

Montaxe: Andrew Bird

Vestuario: Katrin Aschendorf

Dirección de arte: Seth Turner

Música: Josh Homme

Fotografía: Rainer Klausmann

Produtoras: Bombero International, Macassar Productions (Alemaña)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Alemán, grego, inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Goodbye Berlin, 2016

El padre, 2014

Soul Kitchen, 2009

El otro lado, 2007

Contra la pared, 2004

En julio, 2000

Corto y con filo, 1998

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Mellor actriz –Diane Kruger–), Globos de Ouro 2017 (Mellor filme de fala non inglesa), Oscar 2018 (Prenomeado a mellor filme de fala non inglesa)

SINOPSE

A vida de Katja derrúbase cando o seu marido e o seu fillo morren nun atentado. A policía detén axiña uns sospeitosos –dous mozos relacionados co movemento neonazi– e Katja vese inmersa nun complicado proceso xudicial. Danilo, avogado e mellor amigo do seu marido, leva o caso e fará todo o posíbel para lle dar o apoio necesario a Katja, que cegada pola dor, só ten un obxectivo: por riba de todo, quere que se faga xustiza.

«Un thriller que se volve fascinante grazas á actuación emocional de Diane Kruger»

Deborah Young,

THE HOLLYWOOD REPORTER



“Katja encarna algo que todos levamos dentro e que non debe espertar”

Entrevista con Fatih Akin

Cal é a orixe do proxecto? Todo comezou cos asasinatos do NSU en 2011. O grupo neonazi alemán *Clandestinidad Nacional-socialista* perpetrou unha serie de asasinatos xenófobos entre os anos 2000 e 2007 en todo o territorio alemán. Foi algo moi impactante porque eu son de orixe turca. Meu irmán coñecía a unha das persoas que morreron en Hamburgo. Pero o máis escandaloso é o feito de que a policía centrou as súas investigacións na comunidade das vítimas, e atribuíu os atentados a vinganzas por asuntos de drogas ou de xogo. A policía exerceu tal presión que a prensa e a comunidade comezaron a pensar o mesmo.

Que impulsa a Katja, o personaxe principal? Comecei a documentarme sobre o concepto de vinganza. Existe realmente? Quen buscaría realmente vingarse? Vingárame eu ante un feito semellante? Katja ten unha moral e unha definición da xustiza propias. Katja encarna algo oculto, durmido, que todos levamos dentro e que non debe espertar. Non me interesaban os puntos de vista dos asasinados. Tiña moi claro en quen debía centrarme, con quen debía empatizar. *Na sombra* converteuse nunha película moi persoal para min. A pesar de ser unha muller alemá loira de ollos

azuis, o personaxe de Katja converteuse no meu alter ego. É un filme sobre o sentimento universal da dor e das súas numerosas capas.

Como xurdiu a colaboración con Hark Bohm, o coguionista? Hark Bohm uniuse ao proxecto moi ao principio. É avogado e foi de grande axuda para os personaxes dos letrados e para o xuízo, elementos que adoitan aparecer nos seus filmes. Os dous desprazámonos a Múnich en 2013 para seguir persoalmente o xuízo contra o NSU. Iso levome a estudar os arquivos do caso e a falar moito con el. Nese sentido, tamén pode dicirse que é o supervisor das escenas de xuízo.

Por que escolleu a Diane Kruger para o papel de Katja? Coñecín a Diane Kruger no Festival de Cannes en 2012. Eu presentaba o documental *Basura en el Jardín del Edén* (2012). Organizáramos unha pequena festa na praza, Diane veu e comezou a falar en alemán. Díxome que estaba disposta a traballar comigo se algún día xurdía a oportunidade. Prometínlle e a ocasión presentouse catro anos despois. Cando comezou o casting de *Na sombra* mandeille o guión. Leuno e entusiasouse, quería o papel como fora. En ningún momento me arrepentín de terllo dado, ninguén tería interpretado a Katja coma ela. É unha grande actriz porque non ten medo a nada, está disposta a tentalo todo. Tamén ten moito poder de concentración. Goza interpretando, mesmo tratándose de escenas moi dolorosas. Coido que se entregou totalmente ao papel e conseguiu unha interpretación excepcional porque

a pesar de ser unha estrela internacional, levaba anos sen que lle deran un gran papel en alemán, a pesar de ter medrado en Hannover e considerarse alemá.

Como traballa co director de fotografía Rainer Klausmann?

Levamos anos a traballar xuntos, é como un matrimonio. As nosas conversas redúcense a uns cantos rosmidos porque xa non temos nada que nos dicir, sabemos que quere o outro. Rainer sempre me anima a que probe cousas diferentes e nunca se interpón. Apóíame ao cento por cento, mais sabe frearme cando me esquezo do camiño a seguir e tamén saber sacarme das vías sen saída. Non se corta se ten que me dicir que algo lle parece ridículo ou se non entende que me empuira a un certo encadre. E ás veces tamén cuestiona que queira facer un encadre só por razóns estéticas.

Fálenos da súa colaboración con Josh Homme do grupo de rock Queens of the Stone Age. Mentres escribía o guión puña moita música do grupo, que ten uns cantos temas fantásticos. Cando entendín que o fatalismo era a actitude axeitada para o filme, fixen unha playlist para o personaxe de Katja. Foi entón cando me puxen en contacto con Homme, que nese momento se atopaba moi ocupado cun novo álbum pero aínda así aceptou ocuparse do filme. Conseguiu sacar o tempo suficiente para compoñer unha música increíble. É algo único, profundamente triste e marabilloso.

Publicado en www.golem.es/distribucion
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por
4,5€

**Faite
NUMAX!**